



Contrato de subministración Procedemento aberto Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I1LA	<i>Expediente</i> CON/40/2019	<i>Data Creación:</i> 03-10-19 08:52

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Iluminación de Nadal 2019 do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN: 180.000 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 8 de outubro de 2019, ás 10.30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: Pedro Sánchez Mariño, enxeñeiro técnico municipal.
Berta Rosón López, en representación da Intervención xeral.
María Luisa Prego de Oliver López, xefa de servizo da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

Convócase esta reunión para dar conta do informe que lle fora requirido ao comité de expertos, no que se confirma a primeira impresión desta mesa de tal xeito que, examinada en detalle a documentación aportada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS SL, resulta que indica o número de elementos do tipo "arcos", "motivos en farolas", "elementos singulares" e "prazas" que oferta.

Considerando, por unha banda, que a cláusula 9 do anexo 0 do prego administrativo de aplicación a esta licitación, inclúe os anteditos conceptos entre os criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, e, por outra, que este mesmo prego, na súa cláusula 13.3, dispón que o sobre nº2 "en ningún caso deberá conter documentos que revelen a súa oferta económica nin aspectos relativos aos criterios cuantificables por fórmulas. A súa inclusión será causa de exclusión da licitación", esta mesa de contratación acorda excluír da licitación a oferta presentada pola empresa CREACIONES LUMINOSAS SL, procedendo agora que o comité de expertos leve a cabo a valoración da única oferta admitida.

Ás 10.40 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA